

- **EDITORIAL:** Por unha ordenación do litoral Páxina 2.
- **BREVES:** Aegean Sea
Residuos
Madeiras Tropicais
Grupos Páxina 3.
- **INFORME:** Especial Cetáceos Páxina 4-5.
- **VARIOS:** Situación do Medio Ambiente
Charca de Abanqueiro Páxina 6.
- **TABOLEIRO:** Nóvo Teléfono
Corvos Mariños Páxina 7.

editorial

POR UNHA ORDENACION DO LITORAL

Solprendéronos os medios de comunicación hai meses ó relatar como a administración, neste caso o Servicio de Costas de Pontevedra comenzou o derrubamento de edificacións ilegais situadas en zona de dominio marítimo-terrestre en Nigrán.

Sen tempo non é. Estamos fartos de ser un país tercermundista. Estamos fartos de ver como ata hoxe foron cultivos, campías do litoral, piñerais das dunas ou espazos en man común, perto da beiramar, o reino das cotovías e dos pardillos, do toxo gateño, do xunco, pasa a mans que as rodea de postes, cando non de antiestéticos muros de adobe, cantas veces que sen que se respeiten eses magníficos cen metros contados desde a linea de marea alta que marca a lei. Estamos fartos de que se destrocen os ecosistemas da beiramar. ¿Significará esta actitude un cambio de rumbo na política de pasotismo por parte das distintas administracións, constante ata hoxe en todo o litoral galego?

Cóntanse por centos os casos de picaresca de apropiación indebida, de lucro rápido e doado, de supina ignorancia ecolóxica de alcaldes e concelleiros, cando non se trata de devolución de favores, desde o xa clásico caso de edificación na illa de Toralla, ata a celebre construción dunha casa en plena praia de Baroña, pasando polo famoso e máis actual intento de especulación na illa de Cortegada. A propia SGHN ten denunciado diversas edificacións ilegais en diversos lugares, por exemplo na zona de Baldaio sen que os

poderes locais, aqueles que deberían velar polo estricto cumprimento da lei, os escollidos polo pobo para defende-los bens comúns, se desen por enterados.

Fronte a esta realidade, común en toda a banda litoral, a Xunta de Galicia ten a pretensión de utiliza-la beleza paixasística do país para atrae-lo turismo e así crear riqueza. Velaí o interese por presumir de "Bandeiras Azuis"

Sen embargo bótase en falta unha política coerente da ordenación do litoral. A realidade é que en calqueira lugar están aparecendo edificios como setas en outono. E como o metro cadrado multiplicou o seu prezo por cincuenta, hai que aproveita-lo espazo, e así vense parcelas de douscentos metros cadrados onde se aproveita unha esquina do cerramento exterior e con outras dúas paredes xa temos unha vivenda unifamiliar, que total é para pasar catro días. ¿O saneamento?. Un bo tubo conectado directamente coas rochas máis próximas resulta bastante habitual.

Tampouco resulta raro, antes ben semella ser frecuente, que os terreos para estas "segundas residencias" cando se cerran incrementen a súa superficie inicial por medio da apropiación indebida de terreos baldíos cando non coa ocupación de vellos camiños que son desprazados ó exterior do cerramento. ¿Podemos permitir que continúe esta situación?

¿Pódese tolerar por máis tempo esa ocupación dos espazos inmediatos ó mar, que se demostrou como un enorme erro no litoral balear ou da Costa Brava? ¿Non é certo que a multiplicación de pistas e estradas en troques de interesar ó turismo, en troques de ser fonte de riqueza, atraen ó especulador e alteran de modo irreversible a natureza?.

A SGHN é ... unha entidade independente, formada en

1973, dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrir-lo medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza). Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

Teléfono (981) 584426.

con delegacións en:

Ourense - Rúa Jesús Soris nº 23-2ª eqda. (Apdo. 212)

Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356) tel. 352820

Vilagarcía - Apdo. 303

A Coruña - Apdo. 825

Padrón - Apdo. 16

¡AToPa uN SoCio NoVo eStE MeS!



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

Colaboran neste número:

Diego Vázquez Rey, Bernardo Carrión Velasco, Agustín Alcalde Lorenzo, Xosé Luís García Allut, Xoan Santamaría Cameán, Xosé Manuel Penas Patiño, Lito Romero Hermo, Xusto Calvo Peña, Pilar Antelo Docampo, Francisco Docampo Barrueco, María Xosé Tilve Costas, Ramón Feans.

Impreso en papel reciclado

por Tórculo, Santiago.

Dep. Leg. C1590/91; I.S.S.N. 1132-0567

MADEIRAS TROPICAIS

Celebrouse o XIV sesión do Consello Internacional de Madeiras Tropicais en Malasia. Caoba, ukola, teca, sapelli, elondo... o noso país segue importando esta materia prima e porén continuamos deforestando as selvas húmidas dos países probes, obrigados a malvende-lo seu patrimonio. Mentres, Galiccia ínizase de eucaliptos e non de nogueiras, castiñeiros...

ALERTA !

O Goberno socialista está pensando na volta á enerxía nuclear no ano 2000 unha vez finalizado o actual Plan Enerxético Nacional. Sen dúbida as empresas eléctricas estarán presionando, e tal como vai o país...

AEGEAN SEA

A finais de agosto, parte do crudo sedimentado nos fondos mariños afloraron. A praia de Baldaio, que se veu cuberta de numerosos pegotes de chapapote é un exemplo do devandito.

HERBICIDAS

Cando pensabamos que o sistema estaba abandonado definitivamente, velaí que o MOPT segue utilizando este caduco, desacreditado e nocivo sistema para elimina-las "malas" herbas nas beiras das estradas, nesta ocasión no val de Lemos. Mentres a OMS estima que cada ano morren 50000 persoas no planeta por causa dos pesticidas.

XA ERA HORA!

No pasado verán 2000 eucaliptos prantados pola empresa portuguesa CELBI foron arrincados. Por fin alguén se deixa de literatura e actúa. ¡Xa era hora!

XOGANDO COA SAUDE

A lexislación española non contempla de momento a obrigatoriedade de analisalos antibióticos no leite, no leite que bebemos nós e os nosos fillos. Agás unha marca comercial (única que se vende no extranxeiro) todas nos suministran doses destas substancias e ademais sen incremento no custo do produto. ¡Gracias!

INICIATIVA

O concello de Ourense vai dota-la cidade de 700 contenedores para pilas usadas e 35 para vidro. Un exemplo a imitar.

TENTACULOS

Antonio Gato, ex-parlamentario do PSOE, denunciou a desviación de parte dos mil millóns destinados ó Plan de Desenvolvemento Comunitario, dependente do OPUS DEI.

INTERNACIONAL


Ecólogos de 70 países, reunidos en Costa Rica, advirten sobre o perigo de colapso na habitabilidade e produtividade do planeta e da necesidade de adapta-los plans de desenvolvemento económico á preservación dos ecosistemas.

CONFERENCIA

Sen pena nen gloria pasou a Conferencia Mundial sobre Medio Ambiente, que se celebrou a finais de setembro en Manchester. Tratábase de analiza-los obxetivos logrados tra-la Conferencia de Río. Unha vez máis os políticos defraudan as expectativas de futuro.

RESIDUOS

Dos 3 Kg por cama e día producidos nos hospitais, 2 son similares ós urbanos. 0,8 son biosanitarios non perigosos e 0,2 (radioactivos, patóxenos, etc) precisan atención especial pola súa alta toxicidade.



GRUPOS

Un informe co-título: "PVC, residuos tóxicos disfrazados" foi elaborado por GREENPEACE. Sinalase o uso e produción das máis perigosas substancias tóxicas para a elaboración de material de uso común hoxe, como fiestras, tarxetas de crédito, envases, etc.

ADEGA presentou denuncia por presunto delito ecolóxico contra FENOSA e ENDESA pola emisión de SO_2 que producen en altas cantidades as termicas de Meirama e As Pontes.

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra insta ó Fiscal Xefe desa provincia para que actúe de oficio contra Celulosas por incumprimento do acordo de facer públicos os resultados das análises dos verquidos. Culpan a ENCE da morte de ameixas na ría.

O grupo ourensán O BROTE denunciou a Confederación Hidrológica del Norte de España por ocultar información sobre a construción de encoro de Cenza. Como é sabido o lugar era de importancia especial por tratarse dunha das contadas mostras de glaciarismo en Galicia.

XEVALE califica de catastrófica para o futuro do lobo a decisión da Xunta de autorizar baidas en Pantón e Sober (Lugo) onde estes animais mataron un elevado número de ovellas. (Na SGHN resiliámos incomprendible que sigamos sen indemnizar por estes danos, máxime cando para este fin é doado conseguir fondos da CE).

ESPECIAL CETACEOS ESPECIAL CETACEOS

RELACION DE VARAMENTOS/AVISTAMENTOS DE CETACEOS/FOCAS/TARTARUGAS. AÑO 1992.

CETACEOS

GOLFIÑO COMUN (*Delphinus delphis*).

V/A	Data	Nºexemp.	Praia	Concello	Observador
V	15-03-92	1	Barrañan	Arteixo	J. Ignacio
V	19-03-92	1	Cangas	Foz	J. Ignacio
V	21-03-92	2	Malpica	Malpica	A. Bartolomé
V	11-04-92	1	Beo	Malpica	A. Bartolomé
A	15-06-92	13	Muelle	Ferrol	V. Rivera
V	21-06-92	1	Balcobo	Arteixo	J. Ignacio
V	21-06-92	1	Baldaio	Carballo	Prensa
V	28-06-92	1	Doniños	Ferrol	M ^a . Carmen
V	05-07-92	1	Raeiro	O Grove	P. Benavente C. E. Salnés
V	27-09-92	1	Doniños	Ferrol	J. Ignacio
A	01-10-92	1	Frouxeira	Valdoviño	J. Rodriguez
V	02-10-92	1	Lago	Camariñas	L. Lopez
V	05-10-92	1	Portonovo	Sanxenxo	C. E. Salnés
A	06-10-92	1	Onza-Calicastro		E. Martinez
A	13-10-92	5	Onza-Calicastro		E. Martinez
A	16-11-92	9	Onza		E. Martinez
V	06-12-92	1	Pantin	Valdoviño	J. Ignacio
V	13-12-92	1	Meirás		J. Ignacio Gallego
V	29-12-92	1	Seaia	Malpica	Grillan



GOLFIÑO RISCADO (*Stenella coeruleoalba*).

V	07-11-92	1	A Toxa	O Grove	M. Meis M. Dominguez C. E. Salnés
---	----------	---	--------	---------	---




GOLFIÑOS NON IDENTIFICADOS.

A	19-01-92	14	Muelle	Ferrol	Prensa
V	15-03-92	3	Baldaio	Carballo	J. Ignacio
V	15-03-92	1	Barrañan	Arteixo	J. Ignacio
V	30-06-92	1	Valdoviño	Valdoviño	M ^a . Carmen
A	12-07-92	1	Frouxeira	Valdoviño	Olalla Torres
A	21-08-92	1	Vares		Rest. de Vares
V	05-09-92	1	Mexiloeira	O Grove	P. Benavente J. Otero C. E. Salnés
A	07-10-92	2	Lobariz	Ferrol	C. Garcia Paz



ARROAZ REAL (*Tursiops truncatus*).


A	30-01-92	40/50	Pta. Seoane	Sanxenxo	E. Martinez
A	02-05-92	5	Cabana	Ferrol	M. R. Leboso
V	18-07-92	1	Ponzos	Ferrol	J. Ignacio
V	23-08-92	1	Muxeiro	Malpica	A. Bartolomé
V	11-09-92	1	Caneliñas	Sanxenxo	P. Benavente C. E. Salnés
A	10-12-92	1	Pta. Sapela	Pta. Seoane	E. Martinez



ESPECIAL CETACEOS ESPECIAL CETACEOS

CALDEIRON (*Globicephala melaena*).

V/A	Data	Nºexemp.	Praia	Concello	Observador
V	11-04-92	1	Beo	Malpica	A.Bartolomé
V	02-05-92	1	Seiruga	Malpica	A.Bartolomé



TONIÑA (*Phocoena phocoena*).

A	28-01-92	8	Sur Onza		E.Martinez
A	05-06-92	2	N.Camouco		E.Martinez
A	10-06-92	6-8	Centoulo-Faxilda		E.Martinez
A	11-06-92	4-6	S.Praia Foxos		E.Martinez
A	08-10-92	9	S.Calicaastro		E.Martinez
A	20-10-92	2	Centoulo-Faxilda		E.Martinez
A	09-11-92	7	Comoveo		E.Martinez
A	10-11-92	7	O.Onza		E.Martinez



PINNIPEDOS

FOCA CINCENTA (*Halichoerus grypus*).

V	15-12-92	1	Cariño	Ferrol	Mariñeiros Cariño/Prensa
---	----------	---	--------	--------	--------------------------

PINNIPEDOS SIN IDENTIFICAR.

A	00-10-92	1	I.Sisargas	Malpica	Mariñeiros Malpica
---	----------	---	------------	---------	--------------------

TARTARUGAS

TARTARUGA DE COIRO (*Dermochelys coriacea*).


V	26-11-92	1	Razo	Carballo	G.E.Taraio
---	----------	---	------	----------	------------

TARTARUGA MARINA COMUN (*Caretta caretta*).

V	26-08-92	1			G.E.Raposo
V	12-12-92	1	Baldaio	Carballo	A.Alcalde J.Trigo

V: *Varamentos*.

A: *Avistamentos*



Varios vArios vaRios varlos variOs varios

A SITUACION DO MEDIO AMBIENTE EN GALICIA

Manuel Antonio Fernández Domínguez. Taller de Educación Ambiental "A Curuxa". É profesor no I.B. Xelmírez I. Compostela.

A situación medioambiental no noso país estivo sempre determinada por unhas condicións socioeconómicas nas que destaca o predominio das actividades primarias. Nunha sociedade de marcado cariz rural e demografía descendente, as relacións Home-Medio eran pouco agresivas e por todos lados se destacaba o carácter "verde" e "natural" de Galicia.

Nembargantes, xa antes da entrada de Estado Español na CEE, asistimos a cambios que, sen supoñer pautas de desenvolvemento superadoras do atraso secular, van xerar fortes impactos no medio: repoboacións forestais, etc. A entrada no Mercado Común determinará unhas novas regras e, xa que logo, está incidindo no novo uso que se lle dará ó territorio.

Neste marco global é onde debe situarse a problemática medio-ambiental galega. Sen perderse de vista nin a infraestrutura socioeconómica subxacente, nin a superestructura política. Velahí onde colocar a análise dos grandes apartados da xestión ambiental:

- Plan forestal
- Plan Hidrolóxico
- Programa de xestión de Residuos.
- Vías de comunicación
- Espacios protexidos, etc.

Compre indicar inmediatamente despois, que as medidas e proxectos emprendidos neste campo pola Xunta de Galicia xa están a causar serios impactos ó noso medio: ós nosos montes, cada vez máis perto de seren meros monocultivos de eucaliptos; ós nosos ríos, infestados de encoros que producen enerxía para exportar; ó noso ár, que cada ano recibe centos de miles de toneladas de SO₂, procedente dunha das térmicas máis contaminantes de Europa.

E por se todo isto non fora suficiente, pretenden instalar unha enorme incineradora que vai arruinar os pequenos intentos de reciclaxe de residuos que estamos a promover; deseñan unhas vías de comunicación cun trazado non ten en conta para nada a necesidade de minimizar o impacto ambiental. En resumo, unha situación económica e medioambiental preocupantes nun país cunha capacidade de rebelión escasa, que está en mans dunha administración de dereitas para a que o Medio só é un suxeito de explotación a curto prazo.


RECUPERACION DA CHARCA DE ABANQUEIRO

A SGHN actúa como entidade proponente e asesora do concello de Boiro na recuperación e acondicionamento da lagoa de Abanqueiro. A Xunta concedeu seis millóns para este proxecto asinado polo arquitecto Chao Gavilán, que contou coa discusión e informe previo da delegación de Santiago. Sobre esta pequena masa húmida que ten a súa orixe na extracción de arxila para unha telleira, cóntase co precedente da publicación feita por Manuel Chouza e Xela Cid en 1985.

Desde hai anos o lugar sofreu recheos, especialmente pola construción dun campo de fútbol, e servía de habitual vaseiro, reducíndose a súa extensión aproximadamente a dous tercios. Sofre ademais dun acelerado proceso de colmatación que mingüou a profundidade aproximadamente á metade, quedando practicamente seca no verán; por todo o seu futuro era a desaparición como zona húmida.

Os principais aspectos da actuación son:

- Retirada de escombros e residuos, con limpeza previa de parte da vexetación (respeitando as árbores) para ve-lo lugar no seu conxunto.
 - Cercado da zona con malla metálica plastificada a 10 cm do chan para impedi-lo paso de persoas e cans, pero permitindo o acceso de mustélicos, ourizos, etc.
 - Incremento do perímetro da lagoa por medio da creación de illas artificiais e "dedos" de auga que penetran na terra firme.
 - Construción de dous observatorios.
 - Substitución do tendido eléctrico aéreo por outro soterráneo.
 - Incremento da superficie destinada a zona verde nas Normas Urbanísticas en torno á lagoa.
 - Dotación no exterior de recipientes para a recollida de lixo.
 - Aumento do volume de auga en toda a lagoa, subindo o desaugue 30 cm. e excavación ata o primitivo nivel en certas zonas, para evita-la seca estival.
- Ó consocio Tucho Piñeiro hai que agradecerlle-lo principal labor no seguimento do tema, coa colaboración de Xosé M. Penas Patiño, ós que hai que engadi-los contactos concello-SGHN a cargo de Pedro Resúa.



o taboleiro

COASTWATCH, Galicia 1993

Coastwatch iniciouse no ano 1987 por un grupo de persoas vinculadas ó Trinity College de Dublin e a asociación conservacionista irlandesa Dublin Bay Environmental Group. Na actualidade hai grupos de traballo en 21 estados europeos.

Un grupo Coastwatch fórmase ali onde un conxunto de persoas se responsabilizan de inspeccionar a finais do mes de outubro unha porción de 5 Km de costa e de responder a unha enquisa sobre o estado ambiental do tramo inspeccionado.

A.S.G.H.N., xunto con outros colectivos, colabora na realización deste proxecto en Galicia coordinando o reparto de bloque de costa e o muestreo.

Cos datos obtidos realizarase un informe sobre a situación ambiental da costa galega.

LISTADO DA COLECCION DE VERTEBRADOS

GALIÑA DE RIO : *Gallinula chloropus*.

Leg: Penas Patiño, X.M. & Carrión Velasco, B.

PAPORRUBIO REAL : *Pyrrhula pyrrhula*.

Leg: Carballo Benito, Francisco.

LIÑACEIRO COMUN : *Acanthis cannabina*.

Leg: Carballo Benito, Francisco.

MAMIFEROS

ESQUIO COMUN : *Sciurus vulgaris*.

Leg: Blanco Garcia, Rodolfo.

ARMIÑO : *Mustela erminea*.

Leg: Alvarez Escudero, Alfonso.

GARDUÑA : *Martes foina*.

Leg: Alvarez Escudero, Alfonso.

CORVOS MARIÑOS CON ANELAS

Estase a desenvolver por membros da SGHN un traballo sobre a bioloxía do Corvo Mariño (*Phalacrocorax aristotelis*) nas Illas Cies e Ons, para o cal se están a anelar polos e adultos desta especie tanto con anelas metálicas como de cores con letras gravadas. É por elo, que solicitamos a vosa axuda e colaboración no caso de que vexades ou atopedes un corvo anelado, si é así pregamosvos que nolo notifiqúedes ó enderezo seguinte:

PROXECTO CORVO MARIÑO

APARTADO 1455


VIGO (PO)

ou ben avisando nos teléfonos 986-417671, 410068.

NOTICIARIO ORNITOLÓXICO

Pretendese publicar en cada número do PASPALLAS as observacións ornitolóxicas máis destacadas de cada estación, primeiras chegadas, últimas partidas etc. Por todo elo seran benvidas todas as observacións que nos enviades e consideredes de interese. Remitir dita información a S.G.H.N. Apartado 330 de Santiago, ou ben chamando o noso teléfono de Santiago 584426.

Participantes no censo de aves invernantes:
remitide por favor os vosos datos canto antes á respectiva Delegación.



¡FAITE SOCIO!

Para facerte socio da Sociedade Galega de Historia Natural durante un ano, fotocopia esta ficha, cúbrea, recórtaa e mándaa á:

SGHN, Apdo 330, Santiago.

¡Apoia o noso labor a favor da natureza galega!

Apelidos: _____

Nome: _____

Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____


Provincia: _____

Teléfono: _____

Categoría de socio (indica con cruz):

- | | |
|---|------------------------|
| <input type="checkbox"/> Plenario | cuota anual: 2.500ptas |
| <input type="checkbox"/> Infantil (ata 12 anos) | 600ptas |
| <input type="checkbox"/> Xuvenil (ata 18 anos) | 1.250ptas |
| <input type="checkbox"/> Estudiante | 1.750ptas |
| <input type="checkbox"/> Familiar | 3.750ptas |
| <input type="checkbox"/> Protector (todaa vida) | 125.000ptas |

En tódolos casos, recibirás o boletín "Paspallás" cada 3 meses.



Domiciliación:

Banco/Caixa: _____

Sucursal: _____

Nº de conta: _____

Sr. Director do Banco/Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle remita a Sociedade Galega de Historia Natural,

dende a data: _____

Sinatura: _____

REMITE: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,
APDC 330, SANTIAGO.

Parece unha xoia resplandecente de cor azul e branco [...] adornada con brancos velos que xiran lentamente ó seu redor [...] é como unha pequena perla nun mar misterioso, mesto, e negro.

Edgar Mitchell, Apolo 14.

PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural.



¡AToPa
uN SoCio NoVo
eS'Te MeS!

PERIÓDICOS